

# Distincións Gallaecia para viños da Ribeira Sacra



Adegueiros agasallados cos diplomas que concede a Asociación de Sumilleres Gallaecia.

Na sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra entregaronse os diplomas correspondentes ás "Distincións Gallaecia" que concede a Asociación de Sumilleres Gallaecia. Para o acto de entrega acudiron a presidenta de Gallaecia, Mercedes González; o secretario de cata de Gallaecia, Luís Paadín e o presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez, ademais dos representantes das adegas con viños premiados. Brancos: Algueira 2010 de Algueira. Sollío 2010 de Victorino Álvarez Rodríguez. Viña Vella 2010 de S.A.T. Virxen dos Remedios.

Tintos: Algueira 2008 de Algueira. Cruceiro Rexio 2008 de Ramón Marcos Fernández. Don Ramón 2008 de Don Ramón. Finca A Cuar-

ta 2010 de Santa Mª de Nogueira. Portelo 2010 de Terras de Líncora. Regina Expresión 2008 de Regina Viarum. Sollío 2010 de Victorino Álvarez Rodríguez.

Mercedes González recordou que as Distincións teñen como principal obxectivo defender o viño galego. Agradeceu a colaboración do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra e a confianza posta no concurso. Destacou o aumento de participación de viños da Denominación, en especial de viños brancos, que fai anos non eran habituais e encomiou a mellora nas elaboracións dos viños de Ribeira Sacra. Pola súa banda José Manuel Rodríguez agradeceu o traballo de Gallaecia a favor do viño e destacou que estes premios son un pulo importante para a

Denominación. Aproveitou José Manuel Rodríguez para resaltar que esta campaña foi record na Denominación: "Foi un ano importante con moi boas condicións para a vendima. Roldar os 7.000.000 de quilos de uva fai pensar que nuns anos se poida chegar aos 10.000.000 de quilos. É necesario que as adegas sigan traballando como ata agora, houbo estabilidade nos prezos, profesionalidade en todos os procesos e todo fai pensar que será un bo ano. A finais de agosto vendéranse 100.000 litros de viño más que o ano pasado na mesma data e esa tendencia é a que debemos de manter. Só cabe desexar que o ano que vén sexa como o anterior e como este en vendas e, mentres tanto, ver o mercado con tranquilidade."